

LINGUA GALEGA 4º: OS RECURSOS DA POESÍA

POESIA Nº 1

Solpor.
Acorado e roibo
durmíase o día,
coa testa deitada
no colo da ría.

Preto do hourizonte,
estrelas cobrizas
frotaban os ollos
tirando a preguiza.

Luis Amado Carballo: Proel

POESÍA Nº 2

Remedios Rumores
é un caso especial
pois ten un curioso
vicio semanal:
Compra tres revistas,
das do corazón,
que mira e remira
con tanta paixón
que mesmo as devora
crúas e sen sal.

Antón Cortizas: Vaia tropa!

Nos temas 3, 4 e 8 do noso libro estivemos traballando cos recursos da poesía. Lembrades iso? Para esta ficha nós imos propoñervos a todos vós que fagades unhas actividades sobre estas 2 poesías Arrimade atención e cubride as 2 táboas seguintes:

POESÍA 1	POESÍA 2
*Autor:	*Autor:
*Libro no que se atopa esta poesía:	*Libro no que se atopa esta poesía:
*Inventa un título:	*Inventa un título:
*Escribe as 2 PERSONIFICACIÓNS que hai: - -	*Escribe 1 HIPÉRBOLE que aparece na poesía: - -
*Nº de versos que ten:	*Nº de versos que ten:
*Nº de estrofas que hai:	*Nº de estrofas que hai:
*Escribe os 2 versos que riman: - -	*Escribe as 2 parellas de versos que riman: - -
*Rima asoante ou consoante?:	*Rima asoante ou consoante?:
*Atopa 3 ditongos:	*Atopa 2 nomes propios:
*Atopa 4 hiatos:	*Atopa 2 nomes comúns:
*Explica que é o Solpor:	*Atopa 2 adxectivos: